

O conflito de Liteyca segue aberto

O acordo en Montelnor puxo de manifesto que é posible unha saída ao conflito nas contratas de Telefónica. O texto inicial do acordo recolle, entre outras cuestións, a regulación dos horarios con quendas de traballo e gardas rotativas en sábado (compensadas economicamente e con libranza), a creación dunha bolsa de traballo de contratación, a limitación ao 10% na contratación de autónomos e a reincorporación dos traballadores despedidos no conflito coa empresa.

O acordo tamén se aplicará ás subcontratas de Montelnor e inclúe así mesmo a creación dunha comisión paritaria de produtividade, unha cuestión que acaba afectando moito ás condicións laborais ao esixirle aos traballadores un volume de traballo imposible de acadar nas horas regulamentarias e traballando con seguridade. O acordo de Montelnor ven a demostrar que, cando hai vontade, os acordos son posibles.

Lamentablemente iso non está a pasar en Liteyca, despois de asinarse o acordo en Montelnor, a dirección de Liteyca tirou para atrás os tímidos pasos que dera para poder chegar a un acordo cos traballadores. Pretende aproveitar a desconvocatoria de folga en Montelnor para non moverse da súa posición, agardando que os traballadores acaben por renderse.

Como sabedes, Liteyca suspendeu a folga indefinida para mudar o xeito de mobilizarse. Nun primeiro momento pensouse en mobilizacións conxuntas co persoal de Telefónica convocándose os paros dos días 2, 4, 9 e 11 de xuño.

O seguimento do paro por parte do persoal de Telefónica foi moi escaso, ao que temos que engadir as dificultades por parte dos traballadores de Liteyca para poder participar nas concentracións nos horarios do noso paro. Así as cousas desconvocáronse os paros dos días 9 e 11 de xuño e o persoal de Liteyca segue buscando alternativas para manter a mobilización na defensa dunha condicións laborais xustas e dignas.

O certo é que economicamente a loita está a supoñerlles aos traballadores de Liteyca un esforzo moi importante, dende a CIG volvemos a pedirvos a vosa solidariedade coa caixa de resistencia das contratas en Galiza. Tamén podedes mercar bonos de axuda solicitándollo aos delegados da CIG.

Fondo de Resistencia
IBAN ES76 2080 0085 8430 4001 6800
Concepto: Folga contratas Movistar Galiza

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 11 de xuño de 2015